

PLAN DE LECTURA

IES Camilo José Cela

Data de aprobación en Claustro: 28/06/2024
Data de aprobación en Consello Escolar: 28/06/2024



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	páx. 3
1.1. MARCO LEGAL E CONCEPTUAL	páx. 4
2. ANÁLISE DO CONTEXTO	páx. 5
2.1. SITUACIÓN DE PARTIDA EN RELACIÓN COS HÁBITOS LECTORES	páx. 6
2.2. SITUACIÓN DE PARTIDA EN RELACIÓN CO FOMENTO DA LECTURA	páx. 9
3. OBXECTIVOS	páx. 12
4. PRINCIPAIS ACCIÓNS PARA O FOMENTO DA LECTURA EN RELACIÓN COS OBXECTIVOS. INDICADORES.	páx. 13
5. SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E DIFUSIÓN	páx. 17



1. INTRODUCCIÓN

A *Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación* segundo a redacción dada pola *Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación* establece no seu artigo 113 que os centros de ensino disporán dunha biblioteca escolar, cunha dotación progresiva que completarán as administracións educativas.

Segundo o artigo 36, alínea 1, do *Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia* e o artigo 34, alínea 1 do *Decreto 157/2022 do 15 de setembro polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*, “os centros docentes deberán incluír, dentro do seu proxecto educativo e funcional, un plan de lectura coa finalidade de promover a lectura, que se concretará anualmente na programación xeral anual”.

As ordes que desenvolven os decretos citados no parágrafo anterior inclúen a estrutura que debe presentar o plan de lectura nas diferentes etapas educativas que se imparten no IES Camilo José Cela (artigo 16 da *Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa* e artigo 19 da *Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa*).

O IES Camilo José Cela participa, desde hai anos, en diferentes programas de promoción da lectura, como o Plan LIA de Bibliotecas escolares e o Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE), ao que accedeu de 2007 a 2011; logo dunha breve paréntese, volveu integrarse nel desde o ano 2018 ata a actualidade.

O Plan de Lectura do IES Camilo José Cela pretende ser un instrumento que marque as pautas das estratexias para o desenvolvemento da competencia lectora, de xeito que se conciba esta nun sentido amplo que vaia máis alá da mera decodificación de textos para conseguir o desenvolvemento dunha auténtica lectura comprensiva.

Na sociedade actual, a competencia lectora debe ser considerada dun novo xeito que comprenda todas as posibilidades e novas maneiras de ler e de achegarse á



experiencia da lectura. Isto implica, para comezar, que se debe fomentar a lectura en todo tipo de dispositivos, non só os de papel. Ademais, o fomento do hábito lector non debe reducirse só aos textos literarios ou académicos, senón que debe abrirse a todo tipo de textos, continuos ou descontinuos. A lectura ten que integrarse con todas as ferramentas ao noso dispor, especialmente as tecnolóxicas, para desenvolver as competencias clave conseguir a plena alfabetización mediática e informacional do alumnado.

Por outra parte, o achegamento á lectura non debe ser só tarefa da biblioteca escolar ou dos departamentos de linguas. Como ben se recolle na lexislación actual (artigo 18 do *Decreto 156/2022 do 15 de setembro* e artigo 19 do *Decreto 157/2022 do 15 de setembro*), a “comprensión de lectura” ten que abordarse desde a transversalidade e traballarse en todas as materias.

A garantía da adquisición das habilidades de comprensión lectora no marco máis amplo das competencias informacionais, postas en relación coas demais competencias clave, especialmente coa competencia dixital, constitúe un eixo básico que para o ensino público debe ser central. Deste xeito asegúrase a adquisición da competencia lectora e de competencias de lectura cada vez máis complexas. No IES Camilo José Cela consideramos que, a adquisición destas competencias no marco do plan de lectura é imprescindible para que o ensino público proporcione un acceso equitativo á lectura e promova a inclusión e a equidade na educación.

1.1. Marco legal e conceptual

- *Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.*
- *Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.*
- *Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.*
- *Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.*

● *Decreto 157/2022 do 15 de setembro polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.*

● *Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.*

● *Ministerio de Educación (2011). Marco de referencia para as bibliotecas escolares.*

● *Conclusións do Consello da UE, de 26 de novembro de 2012, sobre alfabetizacións múltiples.*

● *Directrices IFLA / UNESCO para a biblioteca escolar (2002).*

● *Ministerio de Educación, Cultura y Deporte (2016). Integración de las competencias ALFIN / AMI en el sistema educativo: referencias, contexto y propuestas).*

● *Orde do 25 de maio de 2020 pola que se convoca o Plan de Mellora de bibliotecas escolares en centros públicos non universitarios de titularidade desta consellería para o curso 2020/21. (Disposición adicional primeira).*

● *Instrucións de 1 de setembro de 2020, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares, durante o curso 2020/2021, nos centros docentes de niveis non universitarios, de titularidade da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. (Anexo I. Orientacións).*

● *Resolución do 20 de setembro de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da organización e o funcionamento das bibliotecas escolares nos centros docentes non universitarios, de titularidade da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no curso académico 2023/2024.*

2. ANÁLISE DO CONTEXTO

Como figura en documentos base do centro como o PEC ou as NOFC, o IES Camilo José Cela sitúase no centro da vila de Padrón e dá servizo a unha poboación de procedencia maioritariamente rural e dun nivel sociocultural medio. A inmensa maioría procede do concello padronés ou de concellos da bisbarra e, nos últimos anos, hai un moi pequeno número de alumnos e alumnas que proceden doutros países, como Venezuela ou Romanía. O alumnado posúe maioritariamente un contorno familiar tradicional no que están presentes, en moitos casos, as persoas maiores como parte integrante do núcleo familiar e con peso nos afectos e relacións dos/as menores.



A promoción da lectura e do hábito lector é unha prioridade no noso sistema educativo e así é comunmente aceptado pola nosa comunidade escolar. En cambio, a realidade é que o achegamento do alumnado á lectura é cada vez máis dificultoso e somos conscientes dos estímulos dun mundo dixital cada vez máis omnipresente e cun poder audiovisual moi atraente para a poboación máis nova. De todos os xeitos, debemos ter en conta que a lectura se produce en todos os contextos, tamén nos dixitais e audiovisuais, e que debemos ensanchar o concepto de promoción da lectura a todos os ámbitos e soportes.

A lectura é o instrumento en que se apoian todas as demais aprendizaxes. É unha actividade primordial para facilitar a formación integral do alumnado. As habilidades comunicativas, a competencia informacional, a comprensión lectora, a comunicación oral e escrita... son habilidades que se adquiren a través da lectura e coas que se configura o espírito crítico, a capacidade de crecemento persoal e a autoconciencia persoal e social. Por todo isto, a lectura achega ao alumnado instrumentos e estratexias para desenvolverse entre o exceso de información, facilita ferramentas para distinguir entre a verdade e a falsidade e incentiva o pensamento crítico e a capacidade de aprender a aprender.

2.1. Situación de partida en relación cos hábitos lectores.

A información facilitada polo profesorado, xunto coa que recibimos do propio alumnado, fundamentalmente a través das enquisas e fichas de titoría, relacionada cos hábitos lectores destes últimos, indícanos que, aínda que temos alumnos/as que len habitualmente, para a maioría segue pesando a idea de ler por obriga, de tal forma que o costume de ler queda reducido, no mellor dos casos, ás lecturas obrigatorias propostas polo profesorado. E incluso cos libros de lectura obrigatoria, algúns alumnos e alumnas buscan “atallos” para tratar de non lelos: resumos en Internet, exposicións orais dos seus propios compañeiros... Un dos principais retos no IES Camilo José Cela é a superación da concepción, moi estendida entre gran parte do alumnado, da lectura como “actividade obrigatoria para certas materias”, da que hai que dar conta sexa como sexa para pasar unha proba.

As carencias percibidas na formación lectora do noso alumnado determinan en moitas ocasións dificultades de comprensión e expresión, tanto oral como escrita. Por outra banda, unha boa parte do alumnado móstrase receptivo á lectura e mantén hábitos



lectores, especialmente nos primeiros cursos da educación secundaria, que en moitos casos se van relaxando en canto este alumnado accede aos cursos superiores.

En relación coa situación de partida en canto aos hábitos lectores do alumnado, destacamos as seguintes consideracións:

- Escasa motivación pola lectura e, en xeral, falta de estímulo lector nos fogares e na contorna social.

- Preferencia clara pola lectura en dispositivos electrónicos (tablets, teléfonos, ordenadores portátiles...) fronte ao formato papel.

- Falta de destrezas na lectura en voz alta, que se aprecia en moitos aspectos, como na mala entoación, na tendencia ao *silabeo* ou na incapacidade de facer correctamente as pausas que marcan os sinais de puntuación.

- O xénero literario máis lido, con diferenza, é a narrativa. Outros xéneros como a poesía ou o teatro son moito menos reclamados polo alumnado e o achegamento a estes prodúcese, case sempre, a través das lecturas obrigatorias que se prescriben nas materias lingüísticas ou grazas a iniciativas lectoras no marco do club de lectura.

- Dentro do dominio da narrativa entre os xéneros literarios, a novela é o que máis interese desperta, aínda que o conto e o relato breve tamén son moi familiares para o alumnado. As obras narrativas ás que acceden os alumnos e as alumnas encádranse, xeralmente, no eido que consideramos de narrativa infantil e xuvenil. As temáticas máis atractivas son a aventura e o misterio, ademais das que abordan as relacións de amizade e amorosas entre a xuventude.

- A banda deseñada e a novela gráfica segue a ser do máis lido polo alumnado. O manga ocupa o centro de interese principal entre os lectores e as lectoras de cómics. A lectura, o comentario e, mesmo, os obradoiros de produción de banda deseñada son unha iniciación moi válida e suxestiva ao feito lector.

- A lectura de prensa non entra xeralmente nos centros de interese do alumnado. A lectura da prensa en papel redúcese ao profesorado e poboación adulta, xa que o alumnado practicamente só se achega a esta no marco dalgunha actividade regulada na aula (por exemplo, as realizadas durante varios curso no marco do *Programa Prensa Escola* ou as actividades promovidas polo xornal *Nós Diario*). Aínda así, as revistas en papel de formato vistoso (de natureza ou viaxes) son bastante reclamadas polos mozos e mozas de 2º e 3º de ESO na biblioteca do centro ou en actividades como a *Hora de ler*. Por outra banda, a lectura de prensa dixital é moi

escasa e faise a través das redes sociais, accedendo, polo xeral, a novas que chaman a atención dos alumnos e das alumnas pola súa espectacularidade ou sensacionalismo, dun xeito acrítico que apenas valora a veracidade nin a ideoloxía que se agocha nestas informacións.

- As competencias informacionais do alumnado, aínda que se desenvolveron moito nos medios dixitais nos últimos tempos, son escasas para a localización e procesamento da información en Internet. Deste xeito, adoitan limitarse á información superficial, centrándose sen discriminar nos primeiros resultados dos buscadores, sen analizar nin contrastar a información. Isto leva a que a realización de traballos se limite ao que se denomina “copiar e pegar” ou, máis recentemente, a trasladar o texto xerado por ferramentas de intelixencia artificial.

- A competencia dixital do alumnado, que a priori se podería considerar adquirida en certo grao, como corresponde a xeracións que xa medraron familiarizadas coas tecnoloxías, manifesta un desenvolvemento que poderíamos apreciar como irregular: o manexo de certos dispositivos é moi áxil, pero a lectura e procesamento da información que se realiza a través destes medios é bastante superficial. Isto leva a que a interpretación de instrucións, a comprensión de enunciados longos ou complexos e a reflexión sobre a información sexan, en ocasións, custosas para os alumnos e as alumnas. Asemade, aínda se precisa moita máis concienciación sobre o uso responsable das tecnoloxías, o coidado da privacidade, o respecto pola propiedade intelectual...

- Os contidos audiovisuais seguen a ser os máis demandados polo alumnado, tanto na biblioteca do centro como a través das redes e no seu tempo de ocio. O Plan de Lectura debe ter en conta o audiovisual e os mecanismos de lectura e interpretación destes códigos.

- O alumnado lector revela interese tamén por xéneros non literarios: os hábitos lectores non debemos reducilos aos textos literarios. Historias de non ficción, textos sobre diferentes actividades deportivas, textos temáticos sobre feminismo ou feitos históricos, obras de autocoñecemento, biografías ou experiencias persoais de persoas obxecto do seu interese como artistas ou *influencers*... son cada vez máis consultados e seguidos por mozos e mozas.

- A competencia lectora debe ser o alicerce para a competencia en comprensión e expresión oral e escrita. O alumnado mostra en ocasións carencias na súa capacidade expresiva que poden estar relacionadas coa falta de hábito lector: a pobreza de vocabulario, o descoñecemento de léxico estándar da actividade académica, as



interferencias entre as dúas linguas oficiais... Asemade, a falta do hábito lector contribúe a que xurdan dificultades para seguir instrucións escritas, para identificar ideas principais e secundarias ou para resumir textos.

2.2. Situación de partida en relación co fomento da lectura.

Tendo en conta a traxectoria do noso centro en referencia ao fomento da lectura, podemos destacar as seguintes actuacións, as máis populares nos últimos cursos e máis representativas neste eido:

■ **Bibliotecas de aula.** A estrutura organizativo-pedagóxica do centro, baseada no concepto de *aula-materia* (o alumnado trasládase en cada sesión á aula correspondente de cada materia para recibir alí a docencia) leva a que as bibliotecas de aula cobren unha importancia fundamental. Estas bibliotecas de aula, polo tanto, son específicas para cada materia e serven de apoio para a actividade diaria do alumnado e o profesorado. Favorecen un achegamento a textos documentais, específicos, de creación... que integran a práctica lectora no espazo docente. Estas bibliotecas de aula están integradas, ademais, por dicionarios en papel, obras divulgativas, manuais técnicos da materia e outras obras de consulta achegadas pola biblioteca do centro ou os departamentos didácticos. As bibliotecas de aula funcionan como unha extensión da biblioteca escolar e están integradas na súa xestión. Do mesmo xeito, existen pequenas bibliotecas en departamentos didácticos que actúan como unha prolongación das de aula.

■ **Hora de ler.** Esta actividade é unha das iniciativas de promoción da lectura máis exitosas e que se mantén no tempo, xa que foi desenvolvida no noso IES desde a primeira etapa en que se integrou no PLAMBE. Consiste na lectura de textos en silencio e de xeito individual, que achega o profesorado e/ou o propio alumnado ou, de non ser así, de libros e revistas previstos para este fin na caixa de “Hora de Ler”. Desenvólvese nos cursos da ESO e, durante esta hora, alumnado e profesorado dedícase en exclusiva a ler silenciosamente a obra que cada persoa libremente seleccionou.

Para esta actividade, establécese un calendario a comezos de curso que se difunde a través de carteis presentes nas aulas. É un calendario de carácter rotatorio, co fin de que a actividade se desenvolva nas sesións lectivas de materias diferentes.

■ **Club de lectura Galeano.** Este club de lectura é unha iniciativa de longo percorrido, xa que foi un dos primeiros clubs de lectura que funcionou nos centros de secundaria, pois comezou a súa andaina xa na década de 1990.

Nos últimos cursos, o club está integrado habitualmente por alumnado de 1º, 2º e 3º de ESO. Abórdase, de xeito libre, lecturas que non están incluídas en ningún currículo, maioritariamente de carácter literario e de diferentes xéneros, segundo os intereses do alumnado participante en cada momento. Prodúcese un continuo intercambio de ideas e temas a tratar, de xeito que favoreza a variedade de lecturas, entre as que destacan nos últimos cursos unha maior presenza de opcións como a banda deseñada, a poesía, microrrelatos, reportaxes de prensa... que contribúen a dar variedade e diversificar os centros de interese. Ademais, este club cobre unha importante función de visibilización e valoración do alumnado lector.

■ **Adopta un lector ou unha lectora.** Esta iniciativa, levada a cabo en colaboración co EDLG do centro, é unha das mellor recibidas polo alumnado colaborador nos últimos anos. Comezou no curso 2017-2018, en que un grupo de alumnas e alumnos de distintos niveis de ESO e Bacharelato mostrou interese por colaborar co veciño CEIP Flavia no intercambio de lecturas co alumnado de Infantil e Primaria deste centro.

Para desenvolver esta actividade, é o alumnado o que, en colaboración co profesorado do CEIP, prepara e escolle as lecturas que sexan máis axeitadas ao gusto dos pequenos e das pequenas. Unha vez determinado o día en que se achegan ao centro, preparan tamén unha particular posta en escena, que é parte fundamental da actividade e contribúe a crear gran expectación.

■ **Concurso de contos de medo e lectura pública teatralizada no Samaín.** Esta actividade, que tamén se desenvolve desde o curso 2017-2018, consiste basicamente na lectura pública, no salón de actos do centro, de relatos escritos polo alumnado nas semanas previas e que teñen en común a temática de medo e misterio, acorde coa data en que se len. Sobre esta base houbo distintas variantes nas diferentes convocatorias: en ocasións a selección de relatos faise a través dun concurso previo; outras veces prima a dramatización de textos ou, mesmo, a performance; noutras ocasións altermase con números ou fondos musicais...

■ **Encontros e obradoiros con escritores e escritoras.** Ao longo dos últimos anos, as visitas de autores e autoras ao IES Camilo José Cela foron moi habituais, baixo diferentes formatos. Desde encontros en que a persoa disertaba sobre algunha obra súa



obxecto de lectura obrigatoria ou de comentario no club de lectura, ata narracións orais, pasando pola realización de obradoiros poéticos (con escritores como Carlos Negro) ou, mesmo, teatrais (coa dirección de recoñecidos persoeiros no eido, como Artur Trillo).

■ **Representacións teatrais, actividades dramatizadas e grupos de teatro.** A asistencia a representacións teatrais é unha actividade polivalente, ademais de unha poderosa arma de animación á lectura. O mesmo podemos dicir do recurso á dramatización para o desenvolvemento das máis diversas actividades. No noso centro hai unha programación digamos, estable, de asistencia a representacións teatrais, tanto no propio centro, como no veciño Auditorio de Padrón, como en localidades próximas (sobre todo Santiago de Compostela), onde habitualmente se organizan saídas para a asistencia ás representacións que se ofertan. Pero, ademais, existe unha certa dinámica de organización de representacións teatrais entre o alumnado, ben sexa en actividades puntuais ou como grupos organizados: nos últimos cursos tivemos actividades de representación e dramatización, sobre todo nas aulas de Lingua e Literatura Galega e Castelá. Chegaron a organizarse grupos estables, o último no curso 2022-2023, e algúns cunha permanencia de máis dun curso, feito non moi frecuente neste tipo de actividades.

■ **Iniciativas en relación coa prensa escolar.** O traballo coa prensa é unha constante desde hai xa décadas no noso centro. Ademais das xa comentadas no apartado anterior, temos que mencionar o traballo coa prensa escolar, onde contamos coa revista *Leliadoura*, que se mantén, con moi poucos períodos de inactividade, desde 1986. A prensa, e en concreto a prensa escolar, é unha porta máis para o desenvolvemento do hábito lector pola súa proximidade á realidade do alumnado. Nalgúns momentos, esta revista escolar do centro ten dado lugar a outras publicacións paralelas, como revistas de pasatempos ou de ciencia.

■ Outras propostas de fomento da lectura teñen relación con **celebracións** de moito arraigo no centro, como o Día de Rosalía, onde é habitual facer recitados poéticos, ao igual que no Día da Poesía, ou, mesmo, nos actos do Día da Paz.

■ O alumnado participante do grupo de **Voluntariado na Biblioteca Escolar** tamén supón un apoio ao fomento da lectura, na medida en que fan recomendacións lectoras e suxestións para adquirir fondos e axudan a elaborar e preparar actividades.

■ Ademais, podemos destacar outras iniciativas que se desenvolveron hai anos, pero que foron quedando no esquecemento, como as **mochilas viaxeiras** (recurso que



se empregou na primeira etapa en que se incorporou o centro ao PLAMBE, aínda que non se recuperou despois) ou as **lecturas vacacionais**, préstamo de obras de lectura para as vacacións de verán.

■ Por último, desde os diferentes departamentos didácticos do noso centro, especialmente os das áreas lingüísticas ou humanísticas (Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, Latín, Filosofía, Xeografía e Historia...), pero tamén desde departamentos de áreas científicas como Física e Química ou Bioloxía e Xeoloxía, fanse **propostas de lecturas voluntarias** que, sobre todo, son ben recibidas por alumnado dos cursos altos. O profesorado propón ao alumnado a lectura voluntaria de textos (libros, pero tamén revistas, artigos, textos da web, novelas gráficas...) que forman parte dunha listaxe variada e adecuada á franxa de idade correspondente a cada curso. Para avaliar esta lectura, o alumno pode facer unha proba oral ou unha curta exposición oral ante os seus compañeiros e as súas compañeras, entre diferentes opcións. Con esta actividade, trátase de transmitir a idea da lectura por pracer.

3. OBXECTIVOS

Os obxectivos que se establecen neste plan de lectura son os seguintes:

- a) Desenvolver a competencia comunicativa no alumnado a través da potenciación da comprensión e da expresión oral e escrita.
- b) Planificar estratexias para contribuír a desenvolver a competencia lectora en todo tipo de textos e a través de todo tipo de soportes.
- c) Fomentar a educación documental, de cara á selección axeitada de fontes de información a través das diferentes vías (internet, redes, documentos escritos), desenvolvendo a competencia de aprender a aprender e discernindo as informacións veraces e fiables, identificando a tendenciosidade e a manipulación.
- d) Desenvolver a autonomía e iniciativa do alumnado en relación á escolla de lecturas e información, integrando a lectura nos seus centros de interese e axudando a crear os seus propios itinerarios lectores.
- e) Fomentar a educación literaria, a sensibilidade e o goce estético perante os textos, apreciando e valorando a súa calidade.
- f) Potenciar, a través da lectura, o espírito crítico, o autoconcepto positivo, a análise autónoma da realidade e a implicación activa en iniciativas sociais e cidadás.

g) Implicar as familias no interese pola lectura, no fomento do hábito lector e na colaboración en estratexias de lectura.

4. PRINCIPAIS ACCIÓNS PARA O FOMENTO DA LECTURA EN RELACIÓN COS OBXECTIVOS. INDICADORES.

Realízase a seguinte proposta de actuacións para cada obxectivo enunciado no apartado anterior:

a. Desenvolver a competencia comunicativa no alumnado a través da comprensión e expresión oral e escrita.			
ACCIÓN	RESPONSABLE	TEMPORIZACIÓN	INDICADOR DE LOGRO
■ Asistencia a representacións teatrais.	■ Vicedirección, departamentos didácticos, Equipo de Biblioteca.	■ Ao longo de todo o curso.	■ Asistencia de cada grupo a, polo menos, unha representación teatral cada curso.
■ Organización do Concurso de Ensaio e lectura pública dun grupo de textos representativos.	■ Persoa responsable da Biblioteca e departamentos didácticos.	■ Primeiro Trimestre.	■ Realización do concurso
■ Establecemento de propostas de creación de textos ao alumnado con diversos motivos, en diferentes formatos e a través de diferentes convocatorias, que poden coincidir con datas significativas, certames, épocas do ano...	■ Profesorado, Departamentos didácticos, Equipos docentes.	■ Ao longo de todo o curso.	■ Participación de, polo menos o 70 % do alumnado nalgún tipo de iniciativa relacionada coa creación de textos.
■ Fomento da lectura para a escrita creativa de textos literarios.	■ Profesorado dos departamentos de lingua e literatura.	■ Ao longo de todo o curso.	■ Organización de, polo menos, unha actividade ou concurso de escrita creativa cada curso.
■ Promoción da participación na revista escolar <i>Leliadoura</i> a través de contribucións variadas de distintos tipos de achegas.	■ Profesorado, EDLG.	■ Ao longo de todo o curso.	■ Aumento da participación do alumnado nun 20% na revista escolar.
■ Promoción da realización de entrevistas a persoas significativas que visiten o centro, por parte de alumnado de diferentes grupos e / ou idades.	■ Profesorado, EDLG, Departamentos didácticos, Equipo de Biblioteca, Alumnado Voluntario da Biblioteca.	■ Ao longo de todo o curso.	■ Publicación na revista escolar de, polo menos, unha entrevista anual.
■ Fomento da lectura en voz alta diante dos demais para o desenvolvemento de estratexias que promovan o hábito de falar en público.	■ Profesorado, EDLG, Departamentos didácticos, Equipo de Biblioteca.	■ Ao longo de todo o curso.	■ Realización de, polo menos, unha actividade trimestral de lectura pública.

**b. Planificar estratexias para desenvolver a competencia lectora en todo tipo de textos e a través de todo tipo de soportes.**

ACCIÓN	RESPONSABLE	TEMPORIZACIÓN	INDICADOR DE LOGRO
■ Potenciación das xornadas “Adopta un lector ou unha lectora” en colaboración co CEIP Flavia.	■ Equipo de Biblioteca, EDLG, Voluntariado na Biblioteca escolar.	■ Segundo Trimestre.	■ Realización das xornadas.
■ Potenciación do Club de lectura <i>Galeano</i> e participación na convocatoria anual de Clubs de lectura.	■ Persoa responsable da Biblioteca, persoa do equipo de biblioteca encargada do Club de Lectura.	■ Cada curso escolar.	■ Participación na convocatoria de Clubs de Lectura.
■ Organización transversal da <i>Hora de ler</i> .	■ Persoa responsable da Biblioteca, Equipo de Biblioteca.	■ Cada curso escolar.	■ Organigrama da hora de ler no primeiro trimestre.
■ Potenciación da lectura de banda deseñada e mesmo da elaboración de banda deseñada a través de obradoiros.	■ Persoa responsable da Biblioteca, persoa do equipo de biblioteca encargada do Club de Lectura.	■ Cada curso escolar	■ Lectura dalgunha obra de banda deseñada no Club de Lectura e/ou realización dun obradoiro.
■ Realización de intercambios e visitas con outros clubs de lectura doutros centros ou entidades.	■ Persoa responsable da Biblioteca, persoa do equipo de biblioteca encargada do Club de Lectura.	■ Bianaual.	■ Organización dun intercambio ou visita, polo menos, cada dous anos.
■ Reforzo de estratexias e técnicas que faciliten a comprensión lectora como a elaboración de glosarios léxicos por materia, táboas, esquemas ou mapas conceptuais.	■ Profesorado, Departamentos didácticos.	■ Mensual.	■ Emprego das diferentes técnicas nas distintas materias.

c. Fomentar a educación documental, de cara á selección axeitada de fontes de información a través de diferentes vías, desenvolvendo a competencia de aprender a aprender e discernindo as informacións veraces e fiables, identificando a tendenciosidade e a manipulación.

ACCIÓN	RESPONSABLE	TEMPORIZACIÓN	INDICADOR DE LOGRO
■ Participación en programas de prensa na aula.	■ Equipo de Biblioteca, Departamentos didácticos.	■ Anual.	■ Solicitud e participación nos programas.
■ Organización de actividades de documentación e procura da información en arquivo do centro, na biblioteca ou en bibliotecas de aula ou departamento.	■ Equipo de Biblioteca, Departamentos didácticos.	■ Anual.	■ Organización de, polo menos, unha actividade anual.
■ Promoción do uso	■ Profesorado,	■ Trimestral.	■ Redución do uso das



responsable e seguro das redes sociais.	Departamentos didácticos.		redes.
■ Fomento do respecto á autoría intelectual no uso de documentos e información obtida de internet.	■ Profesorado, Departamentos didácticos.	■ Trimestral.	■ Realización de traballos citando procedencia dos materiais e empregando recursos libres de dereitos de autoría.

d. Desenvolver a autonomía e a iniciativa do alumnado en relación á escolla de lecturas e información, integrando a lectura nos seus centros de interese e axudando a crear os seus propios itinerarios lectores.

ACCIÓN	RESPONSABLE	TEMPORIZACIÓN	INDICADOR DE LOGRO
■ Potenciación da escolla e proposta de lecturas ao Club de lectura <i>Galeano</i> .	■ Equipo de Biblioteca, Persoa do equipo de biblioteca encargada do Club de Lectura.	■ Anual.	■ Presentación da proposta.
■ Exposicións de obras de lectura relacionadas con diferentes épocas do ano, celebracións ou acontecementos puntuais.	■ Persoa responsable da Biblioteca, Departamentos Didácticos.	■ Anual.	■ Realización de dúas exposicións anuais.
■ Elaboración de listaxes de lecturas adicionais para completar a formación nas diferentes materias ou como lecer.	■ Profesorado, Departamentos didácticos.	■ Trimestral.	■ Realización de actividades, controis ou traballos sobre as lecturas escollidas.
■ Organización de encontros con autores e autoras de todo tipo de escritos e xéneros (literarios, xornalísticos...).	■ Vicedirección, Persoa encargada da Biblioteca, Profesorado, Departamentos didácticos.	■ Cada curso.	■ Realización, polo menos, dun encontro por grupo-clase cada curso.

e. Fomentar a educación literaria, a sensibilidade e o goce estético perante os textos, apreciando e valorando a súa calidade.

ACCIÓN	RESPONSABLE	TEMPORIZACIÓN	INDICADOR DE LOGRO
■ Programación de encontros con escritores e escritoras.	■ Vicedirección, Persoa responsable da biblioteca, Departamentos didácticos, EDLG.	■ Anual.	■ Celebración, polo menos, dun encontro anual.
■ Potenciación da participación en certames e concursos literarios.	■ Vicedirección, Equipo de Biblioteca, Departamentos de linguas e literatura.	■ Anual.	■ Presentación de obras a algunha convocatoria de certame literario.
■ Organización de concursos literarios no centro.	■ Vicedirección, Equipo de Biblioteca, Departamentos de linguas e literatura.	■ Cada curso.	■ Organización, polo menos, dun certame literario no curso escolar.



<ul style="list-style-type: none"> Organización de obradoiros de creación literaria e diversos xéneros e de escritura creativa. 	<ul style="list-style-type: none"> Vicedirección, Equipo de Biblioteca, Departamentos de linguas e literatura. 	<ul style="list-style-type: none"> Anual. 	<ul style="list-style-type: none"> Organización dun obradoiro, polo menos, cada dous cursos.
<ul style="list-style-type: none"> Participación en roteiros literarios e organización dos propios roteiros en colaboración co profesorado. 	<ul style="list-style-type: none"> Vicedirección, Profesorado, Departamentos de linguas e literatura. 	<ul style="list-style-type: none"> Anual. 	<ul style="list-style-type: none"> Participación e/ou organización nun roteiro anual.

f. Potenciar, a través da lectura, o espírito crítico, o autoconceito positivo, a análise autónoma da realidade e a implicación activa en iniciativas sociais e cidadás.

ACCIÓN	RESPONSABLE	TEMPORIZACIÓN	INDICADOR DE LOGRO
<ul style="list-style-type: none"> Encontros de narración oral e lecturas compartidas coas persoas maiores. 	<ul style="list-style-type: none"> Vicedirección, Persoa Responsable da Biblioteca. 	<ul style="list-style-type: none"> Anual 	<ul style="list-style-type: none"> Celebración dun encontro anual.
<ul style="list-style-type: none"> Fornecemento e recomendación de lecturas para o <i>Recuncho violeta</i> e o <i>Recuncho do benestar</i>. 	<ul style="list-style-type: none"> Equipo de Biblioteca, Persoa Coordinadora de Benestar e Convivencia, Profesorado e Departamentos didácticos. 	<ul style="list-style-type: none"> Trimestral. 	<ul style="list-style-type: none"> Renovación trimestral das lecturas dispostas en cada espazo.
<ul style="list-style-type: none"> Lecturas compartidas con asociacións de persoas con discapacidade. 	<ul style="list-style-type: none"> Equipo de Biblioteca, Profesorado e Departamentos didácticos. 	<ul style="list-style-type: none"> Anual. 	<ul style="list-style-type: none"> Celebración dun encontro anual.
<ul style="list-style-type: none"> Integración de propostas de lecturas pola igualdade e o feminismo nas datas significativas do 25 N e 8 M. 	<ul style="list-style-type: none"> Equipo de Biblioteca, Profesorado, Departamentos didácticos e Comisión de coeducación. 	<ul style="list-style-type: none"> Primeiro e segundo Trimestre. 	<ul style="list-style-type: none"> Publicación das propostas nos taboleiros da Biblioteca e do Recuncho Violeta.

g. Implicar as familias no interese pola lectura, no fomento do hábito lector e na colaboración en estratexias de promoción da lectura.

ACCIÓN	RESPONSABLE	TEMPORIZACIÓN	INDICADOR DE LOGRO
<ul style="list-style-type: none"> Proposta de lecturas recomendadas á ANPA. 	<ul style="list-style-type: none"> Vicedirección, Persoa responsable da Biblioteca. 	<ul style="list-style-type: none"> Anual 	<ul style="list-style-type: none"> Achegamento da proposta.
<ul style="list-style-type: none"> Organización de actividades de promoción da lectura no marco da Escola de Nais e Pais. 	<ul style="list-style-type: none"> ANPA, Persoa responsable da Biblioteca. 	<ul style="list-style-type: none"> Anual 	<ul style="list-style-type: none"> Organización de, polo menos, unha actividade anual no marco da Escola de Nais e Pais.
<ul style="list-style-type: none"> Elaboración de recomendacións lectoras para as familias. 	<ul style="list-style-type: none"> Persoa responsable da biblioteca, Equipo de Biblioteca, Alumnado 	<ul style="list-style-type: none"> Cada curso. 	<ul style="list-style-type: none"> Realización e exposición da listaxe de recomendacións.



	Voluntario.		
■ Organización de actividades de lectura con familias no marco do <i>Club de lectura</i> .	■ Persoa responsable da biblioteca, Persoa encargada do Club de Lectura.	■ Anual	■ Realización de, polo menos, unha xornada de lectura con familias.

5. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E DIFUSIÓN.

O **seguimento** do presente plan de lectura realizarase ao longo de todo o curso, especialmente a través das reunións da CCP e do claustro, onde se realizará o seguimento preceptivo para todos os proxectos que se desenvolven no centro e que se concretan anualmente a través da PXA. No caso do Plan de Lectura, haberá un seguimento tamén a través da Comisión de Biblioteca, dada a súa vinculación especial co Equipo de Biblioteca e coa organización deste espazo.

A **avaliación** realizarase en base aos seguintes instrumentos:

- Enquisas entre alumnado e profesorado.
- Entrevistas co alumnado colaborador da Biblioteca.
- Valoración trimestral do profesorado.
- Valoración das familias e da ANPA.

Realizarase unha *avaliación inicial* ao comezo do curso, previa á redacción da concreción anual para integrar na PXA. Esta avaliación será realizada polo Equipo de Biblioteca.

A *avaliación sumativa* será realizada a través das reunións de seguimento propostas. Terá lugar ao longo do curso.

A *avaliación final* será a que realice o claustro, previa análise dos instrumentos por parte da CCP. Será recollida na memoria final e integrada na memoria do PLAMBE e na memoria final do centro.

En canto á **modificación** do plan, este será revisado anualmente despois de analizar a súa concreción na PXA, para engadir ao documento principal o que se considere oportuno. As propostas de modificación xurdirán dos equipos docentes e do Equipo de Biblioteca, que as contrastará coa dirección e esta elevaraa á CCP. Logo da análise desta comisión e as achegas dos departamentos, será levada a Claustro para a súa discusión e posible aprobación. Posteriormente será levado ao Consello Escolar para a súa aprobación.



En canto á **difusión** do presente plan, esta realizarase principalmente a través da páxina web do centro, onde figurará no apartado correspondente xunto cos outros documentos integrantes do PEC do centro. Existirá unha copia impresa nos despachos de dirección, Departamento de Orientación, Secretaría, na Sala do Profesorado e, por suposto, na Biblioteca.

INDICADORES DE LOGRO

- Realización das reunións previstas no plan.
- Elaboración dunha listaxe de lecturas vacacionais.
- Elaboración dunha listaxe de recomendacións lectoras.
- Organización dos obradoiros e encontros previstos.